Luis Celso Taboada Sánchez (1 para 1)
Alcalde
Data de Sinatura: 24/11/2026
HASH: aaca79f5fa62be21277ae4bc0c54d6ff

CONVOCATORIA DO CONCURSO DE ESCAPARATES NADAL 2026 – COMERCIO E HOSTALARIA

1.- OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é fomentar a participación dos establecementos comerciais, de servizos e de hostalaría do municipio na decoración de Nadal, contribuíndo á dinamización da actividade económica local e á creación dun ambiente festivo nas rúas e nos establecementos de Vila de Cruces.

As bases reguladoras desta convocatoria atópanse na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Vila de Cruces publicada no BOPPO de 20 de febreiro de 2006.

2.- FINANCIAMENTO

Os premios financiaranse con cargo á partida orzamentaria 2026.433.47900 do vixente orzamento municipal, sendo o crédito total destinado aos premios 740,00 euros.

3.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán participar no concurso os establecementos situados no termo municipal de Vila de Cruces que se atopen en funcionamento durante o período de celebración do concurso, distribuídos nas seguintes categorías:

Categoría A. Comercio e servizos

- Comercios de venda polo miúdo de calquera sector.
- Perruquerías e barberías.
- Centros de estética, beleza e benestar.
- Centros de fisioterapia e outros servizos sanitarios privados.
- Academias e centros de formación.
- Xestorías, asesorías, inmobiliarias e axencias de seguros.
- Talleres de reparación e mantemento.
- Lavandarías, tinturarías e outros servizos persoais.
- Outros establecementos de prestación de servizos con atención presencial ao público.

Categoría B. Hostalaría

- Bares e cafeterías.
- Restaurantes e casas de comidas.
- Pubs e establecementos de ocio.
- Outros establecementos de hostalaría.

A relación de actividades terá carácter orientativo e non limitativo. Poderán participar outros negocios que desenvolvan actividades comerciais ou de servizos, sempre que dispoñan dun establecemento físico aberto ao público no municipio.

Cada establecemento poderá participar nunha única categoría, segundo a súa actividade principal.

A participación será gratuíta.

A decoración deberá estar relacionada coa temática do Nadal e poderá empregar libremente os materiais, elementos ornamentais e recursos que considere oportunos cada participante.

Na categoría de comercio e servizos valorarase principalmente a decoración dos escaparates, fachadas, accesos e outros espazos visibles desde o exterior.

Cod. Validación: KMEFGM77TG3PXEDFYFC7AH7N3
Corrección: https://viladecruces.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5

Na categoría de hostalaría poderase valorar tanto a decoración exterior como a ambientación dos espazos interiores destinados á clientela.

Os elementos decorativos deberán respectar as condicións de seguridade e accesibilidade dos establecementos.

As decoracións deberán permanecer instaladas dende o **12 de decembro de 2026 ao 6 de xaneiro de 2027.**

4.- CONTIA

Categoría A. Comercio e servizos:

- Primeiro premio: 175 euros.
- Segundo premio: 125 euros.
- Terceiro premio: 70 euros.

Categoría B. Hostalaría

- Primeiro premio: 175 euros.
- Segundo premio: 125 euros.
- Terceiro premio: 70 euros.

Os premios de ambas as categorías serán independentes e non acumulables entre si.

5.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

Os comerciantes que desexen participar deberán presentar no rexistro do Concello, segundo o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a partir do día seguinte ao da publicación, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións, do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra a seguinte documentación con carácter obrigatorio:

- Solicitude asinada polo titular ou representante legal do establecemento.
- Fotocopia do DNI do solicitante.
- No caso de empresas, CIF e DNI do seu representante.
- Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias estatal, autonómica, Seguridade Social, Oral e o Concello de Vila de Cruces.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o **9 de decembro de 2026.**

A convocatoria, os anexos e formularios estarán dispoñibles na páxina web do concello www.viladecruces.gal.

Se do exame do expediente se comproba que a documentación non reúne os requisitos necesarios, é insuficiente ou non se achega na súa totalidade, faráselle un único requirimento ao solicitante para que, nun prazo de 1 día hábil, enmende a falta ou achegue os documentos preceptivos con indicación de que se así non o fixese se terá por desistido da súa petición.

6.- CONCESIÓN

O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

O órgano instructor será o Técnico local de emprego encargado de instruir e tramitar os expedientes.

Cod. Validación: KMEFGM77TG3PXEDFYFC7AH7N3
Corrección: https://viladecruces.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 5

Revisados os expedientes e completados, se é o caso, remitiranse ao xurado.

O xurado estará integrado pola persoa Concelleiro/a de Comercio ou membro da Corporación no que delegue, que actuará de presidente, e 4 veciños de Vila de Cruces, un deles actuará de secretario/a.
Os membros do xurado serán designados por Resolución da Alcaldía.

O xurado valorará as decoracións das dúas categorías atendendo aos seguintes criterios, cunha puntuación máxima de 50 puntos:

1. Presentación e composición (0-10 puntos): harmonía, distribución dos elementos e resultado visual do conxunto.
2. Orixinalidade (0-10 puntos): singularidade da decoración e emprego de elementos diferenciadores.
3. Integración coa actividade do establecemento (0-15 puntos): relación da decoración cos produtos, servizos ou características propias do negocio.
4. Adecuación á temática do Nadal (0-15 puntos): presenza de elementos decorativos propios do Nadal e capacidade para transmitir un ambiente festivo.

Os mesmos criterios aplicaranse ás dúas categorías, tendo en conta as características propias dos establecementos comerciais e de servizos e dos negocios de hostalaría.

Os escaparates deberán permanecer iluminados alomenos ata as 22:00 horas durante a campaña navideña.

O xurado poderá declarar deserto un ou máis premios no caso de considerar que ningún dos traballos presentados reúnan os méritos suficientes para ser premiados.

A proposta do xurado elevarase á Xunta de Goberno Local para a aprobación definitiva dos premios.

O órgano instructor notificará aos premiados mediante notificación no enderezo que conste na solicitude e publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

O prazo de resolución e notificación será de 1 mes contado a partir do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión do premio poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

A resolución recaída neste procedemento pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación da resolución ante o mesmo órgano que a dictou ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

7.- PAGAMENTO
O pagamento da axuda realizarase unha vez que os premiados presenten no rexistro do Concello, no prazo de 2 días hábiles contados dende o seguinte ao da notificación da concesión do premio, a seguinte documentación:

- Certificación bancaria do número de conta do cal sexa titular o beneficiario.

Cod. Validación: KMEFGM77TG3PXEDFYFC7AH7N3
Corrección: https://viladecruces.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 5

8.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

A condición de beneficiario obriga a este nos termos previstos no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en concreto:

- A figurar ao día no cumprimento das obrigas tributarias, estatais e autonómicas, coa Seguridade Social e co Concello de Vila de Cruces. En caso contrario non se fará o pagamento da axuda.

- Comunicar ao Concello calquera eventualidade na actividade ou programa subvencionado.

- Proporcionar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vila de Cruces no exercicio das funcións de fiscalización e control así como polo Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia.

9.- DEVOLUCION E REINTEGRO

Procederá o reintegro no casos previstos na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e en concreto, no seguinte caso:

- Obtención do premio axuda reunir os requisitos esixidos para a súa concesión, con falsificación das condicións requiridas ou ocultación daquelas que o impedisen.

10 .- COMPATIBILIDADE

Os premios que se otorguen ao amparo das presentes Bases serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

11.- PUBLICIDADE

A publicidade do estracto da presente convocatoria, realizarase a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), en cumprimento do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei Xeral de Subvencións na súa redacción dada tralas modificacións introducidas pola Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.

Igualmente se procederá á publicación na páxina web do Concello.

Unha vez tramitada a convocatoria, comunicarase á BDNS, o texto e anexos, así como o extracto da mesma.

Así mesmo, remitirase á BDNS, a información relativa a beneficiarios, concesión dos premios, así como do pago e, no seu caso, a devolución, reintegro, sanción, inhabilitación; de forma continuada a medida que se vaian producindo os actos.

12.- PROTECCION DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento

Cod. Validación: KMEFGM77TG3PXEDFYFC7AH7N3
Corrección: https://viladecruces.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5

(UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigación legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico info@viladecruces.es

Infórmaselle do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

13 .- RÉXIME XURÍDICO.

Estes premios rexeranse polas presentes bases e polo establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, RD 887/2006 Regulamento da Lei Xeral de Subvencións e Ordenanza Xeral Reguladora das Subvencións do Concello de Vila de Cruces no que lle sexa de aplicación dacordo co establecido na súa disposición adicional décima e supletoriamente pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como demáis normativa que sexa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL: ENTRADA EN VIGOR.

Esta convocatoria entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Asdo. O alcalde

Luis Celso Taboada Sánchez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE.

Cod. Validación: KMEFGM77TG3PXEDFYFC7AH7N3
Corrección: https://viladecruces.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5